

CONCURSO DE CARTEIS

II XORNADAS DE DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL

A Diversidade Afectivo-Sexual nas Series de Televisión

O Concello da Coruña e a Asociación de Mulleres pola Igualdade e Visibilidade Lésbica da Coruña, LES, convocan un concurso para a realización do cartel que constituirá a imaxe das **II Xornadas de Diversidade Afectivo-Sexual**, centrado este ano nas series de televisión.

Este concurso ten como obxectivo estimular a creatividade de artistas e deseñadores, noveles e consagrados, para contribuír á difusión destas xornadas entre a cidadanía, así como fomentar o seu coñecemento entre o público a nivel local, autonómico e nacional.

Así pois, quen teña interese en participar neste concurso do cartel anunciador das **II Xornadas de Diversidade Afectivo-Sexual** poderá presentar o seus traballos, que se deberán axustar ás seguintes bases:

1.- Participantes:

Este é un concurso aberto a deseñadores, artistas ou creadores de calquera nacionalidade, individualmente ou en equipo. Cada autor poderá presentar cantos orixinais desexe, cada un deles co seu correspondente título ou lema.

2.- Tema:

- O tema será de libre elección e de composición pictórica, fotográfica ou dixital.
- Nas obras presentadas deberá figurar obrigatoriamente o seguinte texto :

Diversidade Sexual nas Series de Televisión. II Xornadas.

- O deseño deberá contar cun espazo libre para a posterior inserción dos logotipos de organismos ou empresas colaboradoras, así como a data definitiva de celebración.
- É importante ter en conta que o deseño elixido do cartel poderase aplicar a moi distintos formatos publicitarios (roll up, carteis, camisetas, etc) polo que o deseño deberá permitir a súa adaptación horizontal e vertical a estes formatos, sendo igualmente identificable no formato orixinal.
- Tan só se admitirán a este concurso obras inéditas, orixinais e que non supoñan en todo ou en parte, copia, plaxio, recreación ou variación de obras publicadas propias ou doutros artistas, así como que tampouco teñan sido presentadas a outros festivais. No caso de que se tivesen utilizado imaxes ou plaxios de imaxes doutros autores ou institucións, o autor será o responsable único ante calquera

incidencia que por estes motivos se puideran producir, quedando retirada a obra de inmediato.

3.- Premio:

Establécese un único premio, dotado con **200 euros**.

4.- Presentación e prazos:

- Os autores que se presenten ao concurso deberán realizar o seu deseño en formato .pdf Din A/4 e 72 ppp vertical e envialo, vía correo electrónico, a: congresodiversidadeas@gmail.com
- Data límite da presentación: **15 de outubro de 2022**.
- O correo electrónico remitido á organización deberá conter a seguinte información:
 - o Asunto: Concurso Cartel II Xornadas + Título da obra.
 - o Dous arquivos adxuntos coa fin de manter o anonimato do autor:
 - Arquivo coa Arte final. Formato vertical PDF a tamaño Din A/4 e 72 ppp
 - Arquivo cos datos do autor en Word:
 - Nome do autor.
 - Lugar de procedencia.
 - Teléfono de contacto.
 - Enderezo electrónico de contacto.
 - Copia do DNI
 - Declaración responsable sobre a autoría do cartel e a cesión de uso.
- Os participantes non poderán facer públicos os carteis ata a semana posterior ao día do anuncio do cartel gañador. Calquera cartel que sexa mostrado de forma pública, antes de que o gañador sexa publicado pola organización das Xornadas, suporá que tanto o cartel presentado coma o seu autor, quedarán fóra do concurso.

5.- Fallo:

- O xurado estará formado por representantes do Concello da Coruña e da Asociación LES.
- A decisión do xurado farase pública a través das Redes Sociais das Xornadas, notificándose previa e directamente ao gañador do concurso.
- O xurado poderá declarar deserto o premio.
- As decisións do xurado serán inapelables. Os concursantes, polo mero feito de participar neste concurso, renuncian expresamente ao exercicio de todo tipo de reclamacións contra as súas resolucións.

6.- Traballos presentados:

Os candidatos ao concurso autorizan á organización a colgar as súas propostas en cantos soportes dixitais ou físicos considere.

Os traballos recibidos poderanse colgar tamén nas Redes Sociais das Xornadas e nas da asociación organizadora, LES.

7.- Cartel premiado.

A autor do cartel premiado deberá facilitar os elementos, tipografías e arquivos necesarios a tamaño definitivo e 300 ppp. Se fosen de imaxe dixital, por capas. En caso de ser de orixe vectorial, aberto. Todo isto coa intención de poder adaptar a súa obra aos diferentes soportes, formatos e aplicacións necesarios para a promoción e difusión do Congreso.

8.- Dereitos de propiedade.

O autor do deseño seleccionado cede en exclusiva os dereitos de explotación do traballo gañador sen ningún tipo de limitación, abarcando todas as modalidades de explotación e sen limitación territorial, temporal ou de calquera outra índole.

No premio outorgado inclúese o prezo da cesión dos dereitos, ademais de que a organización poderá modificar, desenvolver ou adaptar dito deseño utilizando calquera medio que considere oportuno.

A Asociación de Mulleres pola Igualdade e Visibilidade Lésbica da Coruña, LES, como organizadora do Congreso, será a propietaria do deseño e poderá, se fose o caso, e de acordo coa lexislación vixente, rexistralo, co que adquirirá os dereitos de propiedade industrial.

9.- Aceptación das bases e protección de datos.

A participación neste concurso implica a plena aceptación das presentes bases, sen ningún tipo de reserva, así como tamén de todas as resolucións que a organización do Congreso adopte.

Os participantes no presente concurso consenten que os seus datos persoais sexan tratados conforme ás disposicións da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, para o desenvolvemento do presente concurso, así como para comunicar noticias, novidades e información en xeral do Congreso.